

Ola familias!

Esta semana imos traballar soamente no libro de **Lingua Galega**.

- Os **nenos/as de 1º** poden facer as **páxinas 8 e 9**, onde teñen unha lectura e preguntas sobre a mesma. Ler e comprender o que len é básico para todo, así que aproveito para mandarles ese traballo. (Sería moi interesante que durante o verán, ademais de xogar e descansar, lesen a miúdo para coller soltura de cara ao vindeiro curso).

- Os **nenos/as de 2º** poden facer as **páxinas 150-151 e 152** (lectura da unidade 12). Igual que para o alumnado de 1º é moi importante que lean para coller cada vez máis velocidade, pero entendendo o que len. De igual modo, durante o verán que lean a miúdo. (Pasan a 3º e iso supón un cambio).

Dádelles moitos bicos da nosa parte a todos e todas. Son todos estupend@s.

Fixeron un traballo excepcional nesta situación tan especial que nos tocou vivir, e merecen que os felicitemos!

Saúdos da profe Ana.